



MORENO MARTÍNEZ, Pedro M. (ed.) (2018): *Educación, historia y sociedad. El legado historiográfico de Antonio Viñao*. Valencia, Tirant Humanidades, 455 páxinas. ISBN: 978-84-17203-77-1.

O profesor Antonio Viñao Frago (Albelda, Huesca 1943) está considerado hoxe unha referencia estatal e internacional no campo da historia da educación. Coa súa dilatada traxectoria intelectual, leva contribuído a abrir este campo a outros campos historiográficos e científicos e a recibir, enriquecer e difundir as correntes e os enfoques que inspiraban a investigación histórico-educativa renovadora internacional. Antonio Viñao foi, en todo momento, un investigador atento ás tendencias historiográficas emerxentes e contou cunha capacidade inusitada para a innovación, para se internar en novos problemas historiográficos, en terreos ignotos, para afrontar novas miradas, analizar e empregar novas

fontes e concibir e desenvolver maxistralmente novas pautas metodolóxicas e marcos teóricos interpretativos. Son palabras, entrañables e precisas, que aparecen na presentación (pp. 13-20) elaborada por Pedro Luís Moreno Martínez, editor desde traballo colectivo, e compañeiro do profesor Viñao na Universidade de Murcia.

O libro que presentamos forma parte dos actos de homenaxe promovidos por esta universidade con motivo da súa xubilación. Recolle as liñas mestras do seu legado historiográfico, inseridas no panorama nacional e internacional desde unha análise elaborada a modo de ensaio por especialistas nas parcelas abordadas en cada un dos capítulos, que durante este tempo mantiveron unha estreita relación profesional e humana co autor; ademais, cada un deles é un estudoso da parcela que aborda. O título *Educación, Historia y Sociedad* fai referencia aos eixes vertebrais que sitúan e contextualizan a súa produción científica, ao tempo que referencian o grupo de investigación que fundou e dirixiu na Universidade de Murcia ata a súa xubilación. O subtítulo, *El legado historiográfico de Antonio Viñao*, anticipa o contido: un conxunto de ensaios que compilan e estruturan unha obra fecunda, destacando o seu valor historiográfico e o carácter innovador de todos os camiños emprendidos ao longo de catro décadas.

No seu conxunto traman temáticas relacionadas cos estudos sobre a historia da educación, que se foron desenvolvendo nas últimas décadas partindo do propio papel de Antonio Viñao como historiador e do seu compromiso deontolóxico, como os procesos de alfabetización e de escolarización, o crecente interese polos manuais escolares; as políticas educativas e a con-

formación, estruturación e organización do sistema educativo público español; a organización escolar dos espazos e os tempos; a utilidade das estatísticas escolares e o valor da meta-información que conteñen; a conformación dun pensamento pedagóxico propio partindo das grandes correntes historiográficas; ou a conservación da memoria e a súa relación co labor docente, coa cultura material e inmaterial da escola e co patrimonio educativo. Repásase, así, a través do afecto de compañeiros e amigos, a valiosa, intensa e fecunda actividade investigadora do profesor Viñao nas diferentes parcelas deste campo do saber, que de xeito prolífico foi cultivando ao longo dos anos.

No primeiro capítulo «Antonio Viñao y la Universidad de Murcia» (pp. 21-44), Dolores Carrillo Gallego e J. Damián López Martínez fan repaso a unha dilatada traxectoria profesional, desde os seus inicios como funcionario do corpo xeral técnico da Administración civil do Estado, o paso pola Facultade de Dereito da Universidade de Murcia onde se fai doutor, ata o ingreso na de Educación, onde acada a titularidade e a posterior cátedra, desempeñando tamén os cargos de decano e de director de departamento. Na súa dedicación á historia da educación, salientan os autores, conflúen o paso polo Ministerio de Educación, as primeiras investigacións no Instituto de Ciencias da Educación da Universidade de Murcia, a asistencia aos congresos da ISCHE e os primeiros Coloquios de Historia da Educación, a influencia dos traballos do *Seminari d'Historia de L'Enseynement* creado en Barcelona (1973-1980) e as extensas e intensivas lecturas de autores de diferentes campos académicos que se plasman no traballo realizado na elaboración da súa tese de doutoramento, publica-

da como *Política y educación en los orígenes de la España contemporánea. Examen especial de sus relaciones en la enseñanza secundaria* (Madrid, Siglo XXI de España Editores, 1982).

A este capítulo introdutorio segue un segundo núcleo, moi rico e diverso, composto por trece ensaios que analizan cada unha das parcelas ás que o autor leva prestando atención ao longo da súa traxectoria académica e investigadora. En «Historia de la educación en y desde Murcia» (pp. 45-65), M.^a José Martínez Ruíz-Funes e Ana Sebastián Vicente, elaboran unha recensión biográfica con alusións ás publicacións e investigacións desenvolvidas polo profesor Viñao, que integran aspectos da socioloxía e a política educativa ata chegar á historia social da educación no marco da historia da educación na rexión de Murcia: «os seus traballos non só comparten descritores que serven para agrupalos, senón que o conxunto destes percorre un camiño en busca de respostas a unhas preguntas iniciais que se van resolvendo a través de diferentes estudos, sen perder de vista o obxecto inicial das súas investigacións».

«De la importancia y utilidad de la historia de la educación (o la responsabilidad moral del historiador)» (pp. 67-99). Antón Costa elixe para o segundo capítulo este título, que forma parte dun libro colectivo (*La investigación histórico-educativa: tendencias actuales*. Barcelona, Ronsel, 1997, pp. 15-50), coordinado polo propio Viñao e por Narciso de Gabriel. Utiliza este rótulo para salientar o compromiso do profesor Viñao como historiador posicionado nas varias encrucilladas que forman a crítica ao positivismo, ao historicismo, á metodoloxía histórica marxista ou ao estruturalismo; e atento, asemade, ás formulacións que che-

gaban desde Francia ou o Reino Unido a través da *Nouvelle histoire* ou da *Social history* respectivamente: «Antonio Viñao enfrenta como poucos esas varias encrucilladas, con notable consciencia, desde un madrugador contacto cos debates internacionais que se espellan no campo máis limitado da Historia da Educación, e que está tamén a gañar o seu posto no campo da Historia, sen deixar de formar parte das Ciencias da Educación». Un debate ideolóxico onde destaca a súa concepción da educación como unha construción social e histórica con peso específico, consciente de que precisa ser examinada desde o presente sobre a súa proxección no futuro.

«Historia de la alfabetización y de la cultura escrita» (pp. 102-132) é un campo de estudo no que Narciso de Gabriel contabiliza unha vintena de artigos, froito de investigacións realizadas ao longo dos últimos 30 anos, sobre analfabetismo e alfabetización. Narciso de Gabriel aborda de forma detallada o estado da cuestión dos estudos realizados sobre os procesos de alfabetización e escolarización en España, desde os anos 80 do pasado século ata actualidade, nos que enmarca as investigacións realizadas por Antonio Viñao neste ámbito. Destaca, así mesmo, que unha das principais contribucións de Antonio Viñao é a de poñernos en contacto con algúns dos enfoques e conceptos que inspiran a investigación histórico-educativa noutros países, coa evolución da alfabetización en España, ou coa historia da oralidade e da cultura escrita. Os seus traballos neste campo, apunta, sempre ben escritos e en ocasións próximos ao ensaio, contribuíron sen dúbida a ensanchar e consolidar este campo de investigación e conseguiron, ademais, un importante recoñecemento.

Un traballo feito sempre en diálogo con investigadores doutros países, e que axudou á difusión destas ideas tamén en España mediante a aplicación dunha perspectiva interdisciplinaria.

En «Historia de las disciplinas y manualística escolar» (pp. 133-165), a profesora Gabriela Ossenbach recolle os diferentes enfoques abordados por Antonio Viñao sobre textos escolares e afirma que «unha das súas máis importantes achegas ao debate sobre a manualística provén sen dúbida do ámbito das disciplinas escolares» ademais do da historia do libro e da edición. Destaca, neste campo, a elaboración dun método propio para o seu estudo, «un cobizoso e complexo programa en que interveñen diferentes aspectos como os plans de estudo, os discursos programáticos e lexitimadores das disciplinas, os contidos prescritos en plans de estudo, os libros de texto e programas, a prosopografía dos profesores e dos seus procesos de acreditación e acceso, ou as fontes para o estudo das prácticas de aula». Salienda, ademais, o recoñecemento do seu traballo no contexto internacional e as súas contribucións específicas nalgunhas disciplinas escolares, entre as que atopan a historia da lectura, das ensinanzas da relixión católica ou as súas investigacións sobre a produción, edición e comercialización de textos escolares como un sector específico da industria editorial.

En «Historiografía sobre la escuela graduada: perspectivas internacionales» (pp. 167-195), María del Mar del Pozo Andrés subliña a atención que Antonio Viñao lle prestou á introdución e desenvolvemento da escola graduada pública en España; interese que arranca «moi posiblemente na súa etapa como funcionario técnico

do Ministerio de Educación e Ciencia nos albores da LXE en 1970, cando se estaba a fraguar un novo modelo, moito máis democrático, de xestión e control dos centros escolares» e que daría o primeiro froito coa publicación de *Innovación Pedagógica y Racionalidad Científica. La escuela graduada pública en España (1898-1936)* (Madrid: Akal, 1990). A autora subliña que a partir do momento en que esta obra apareceu no mercado, «notouse un claro cambio de tendencia nos historiadores da educación, de maneira que a escola graduada pasou a considerarse un elemento indicativo da modernización pedagóxica española no primeiro terzo do século XX». Sitúa as súas publicacións sobre esta temática no contexto historiográfico internacional das derradeiras décadas do século XX, establece relacións entre as súas achegas e os avances de historiadores españois e estranxeiros e, por último, apunta perspectivas de futuro sinalando as que deberían acoutar e pechar, se é posible, a investigación sobre a gradación escolar.

En «Espacios y tiempos en educación» (pp. 197-213) o profesor Agustín Escolano Benito afirma que a motivación inicial de Antonio Viñao cara a estes dous grandes piares da praxe escolar garda relación con algunha das actividades profesionais anteriores á súa incorporación definitiva como profesor na Universidade de Murcia, en concreto coa planificación e xestión das construcións escolares e as súas implicacións co urbanismo, traballando nas unidades xerenciais de Málaga, Ciudad Real e Murcia. Cita un traballo inicial publicado en México (*Espacio y Tiempo. Educación e historia*. Morelia: Instituto Michoacano de Ciencias de la Educación, 1996), no que aborda por primeira vez as dimensións es-

paciais e temporais da educación de forma conxunta e integrada, un traballo que nos presenta «todo un mundo de significacións culturais que subxacían nos feitos cotiáns da nosa vida, e que dalgún modo formaban parte das coaccións civilizadoras das que falara o sociólogo Norbert Elias». Agustín Escolano recolle a abundante produción do profesor Viñao publicada neste ámbito, que agrupa en tres apartados: «Espazo e escola», «Os tempos escolares» e «Dos pórticos de acceso á cultura da escola».

«A vueltas con un libro de Antonio Viñao sobre la educación secundaria (y otros trabajos)» (pp. 215-248) é o título elixido por Manuel de Puelles Benítez para glosar un traballo, ao seu xuízo fundamental, do profesor Viñao «tan rico polo seu contido como pola metodoloxía histórica aplicada», citado noutros apartados deste compendio: *Política y educación en los orígenes de la España contemporánea. Examen especial de sus relaciones en la enseñanza secundaria* (Madrid, Siglo XXI de España Editores, 1982), «un libro importante na historia da Historia da Educación en España: tal é a riqueza de ideas e suxestións que encerra. Un traballo 'seminal' para a investigación española e unha obra clave para a formación dos nosos alumnos». *Política y educación...* busca as raíces do pensamento educativo moderno en dous países con culturas educativas diferentes: a prusiana, marcada pola influencia relixiosa na formación de súbditos obedientes dentro dun Estado moderno forte e militarista; e a británica, expoñente histórico do liberalismo que se plasma no tradicional receo británico á intervención estatal na actividade individual. Viñao establece comparacións co caso español, mediante a construción dun relato «que non só é narrativo —contar

unha historia que en xeral se descoñecía, ou estaba relegada ao esquecemento—, senón tamén explicativo» no que cómpre resaltar aqueles aspectos máis relevantes para comprender o papel que xogou a nova educación secundaria e as súas interseccións, tanto coa educación primaria como coa universitaria.

Na colaboración «La política educativa entre la retórica y la realidad» (pp. 249-284) o profesor Juan Manuel Fernández-Soria comparte con Antonio Viñao a percepción de que as diferentes reformas educativas que se deron ao longo do tempo tiñan, en liñas xerais, unha «escasa ou nula vontade e/ou imposibilidade de cambiar as cousas». Entre a retórica e a realidade da estratexia *gatopardista* (cambiar todo para que nada cambie), «Viñao emprende a tarefa de desenmascarar e de trincar a retórica reformista, mais tamén de contribuír ao único fin que xustifica a dirección dos asuntos educativos polos poderes públicos: o logro de políticas igualitarias e de cohesión social». Unha convicción que se repite na análise da súa abundante produción neste campo, que o profesor Fernández-Soria estrutura en tres grandes bloques: en primeiro lugar, os principios básicos da política educativa: descentralización, participación, dereito á educación e liberdade de ensino: «O problema de como se debe levar a cabo radica na súa interpretación: desde o sector público, a educación identifícase como un feito social; o sector privado inclínase a velo como un feito individual».

En segundo lugar, o desmantelamento da educación pública, resultado da combinación ideolóxica entre neoliberalismo e neoconservadorismo, responsables da actual deterioración e conseguinte desprestixio da educación de titularidade ou ideo-

loxía públicas, moitas veces perpetrado, advirte Viñao «por profesores do sector de titularidade pública desde os poderes públicos», con incidencia directa na diminución da igualdade e da escola comprensiva, así como na consolidación do financiamento público para centros de ensino privado. Un proceso que se produce «por un cambio do papel do Estado no xogo das relacións entre os diferentes grupos e clases sociais e, dun modo máis específico, nos procesos de dominación, hexemonía e lexitimación social». Fronte ao eufemismo da «liberdade de centro», Viñao precisa: «liberdade de selección de alumnado». O neoliberalismo e neoconservadorismo, en fin, desatenden o dereito á educación, debilitan o papel do Estado, aumentan a burocracia e o control ideolóxico, ameazan o espazo público e quebrantan a esencia da democracia.

En terceiro lugar, a modo de epílogo, Fernández-Soria recolle unha serie de alternativas que Viñao ofrece como resposta ao ataque neoliberal: «distinguir o ideoloxicamente público do xurídico e financeiramente público»; frear a deserción das clases medias e baixas cara ao sector privado dando maior protagonismo aos MRP na xestión dos centros co apoio das administracións e poderes públicos; desenvolver no nivel local e autonómico unha rede asociativa institucional de centros que compartan e defendan a ideoloxía pública. Por último, deseñar reformas «graduais a medio e longo prazo» con responsabilidades e atribucións en tres planos da administración: local, abrindo os tempos e espazos da escola pública á comunidade; autonómico, creando centros que integren todos os niveis e modalidades de ensino non universitarios; estatal, logrando un tratamento exclusivamente científico para o

feito relixioso, definindo un papel subsidiario para a rede concertada e articulando un novo sistema de selección-formación inicial do profesorado.

«Sistemas educativos, culturas escolares y reformas» (pp. 285-313) é o título da achega de Alejandro Tiana Ferrer, en que salienta, en primeiro lugar, o interese de Antonio Viñao por delimitar conceptualmente o termo «sistema educativo», aprofundando nas súas características, organización e evolución. Sostén que entre os moitos estudosos como M. Archer, F. Ringer, D. K. Müller ou A. Green, o noso autor ofrece avances substanciais ao introducir novos elementos diferenciais entre *sistema educativo nacional* e *sistema educativo* «en sentido estrito». Destaca o valor das súas achegas, que parten do libro *Política y educación... e «asentan sobre un estudo detallado e rigoroso», resultado dun modelo explicativo orixinal en que se combinan análises xerais coa exemplificación e concreción de procesos referidos ao sistema educativo español, un campo no que «grazas a el entre outros autores, hoxe posuímos documentación, estatísticas e bibliografía suficientes» sobre as relacións Igrexa-Estado, o proceso de profesionalización docente ou o seu atraso endémico, ou o «heteroxéneo conxunto de establecementos educativos no Antigo Réxime que dan paso a unha estrutura articulada, moi sinxela e en certo modo unificada» aínda que de configuración diferenciada entre ensino primario, e secundario e superior. Son aspectos que Antonio Viñao traballou de xeito rigoroso aplicando os conceptos de inclusión e exclusión, ou de segmentación e diferenciación, nomeadamente nos seus estudos sobre o ensino graduado no primeiro terzo do século XX. Por último, o pro-*

fesor Tiana sitúa a Antonio Viñao entre os autores que máis fonda e detidamente leva tratado a dinámica dos cambios e transformacións rexistrados nos sistemas educativos. Unha parte importante das súas investigacións máis recentes dedícanse a analizar e interpretar as relacións entre as culturas escolares, as reformas educativas e as innovacións, e ofrecen análises valiosas sobre os procesos estruturais de sistematización e segmentación relacionados coas dinámicas de transformación, mais tamén de resistencias e de inmovilismo.

En «Estadística escolar y proceso de escolarización (siglos XVIII-XX)» (pp. 315-331), o profesor Jean-Louis Guereña repasa unha traxectoria común de investigación «paralela e conxunta (1983-2013)» e cita algúns traballos de Antonio Viñao producidos de xeito individual ou colectivo nos últimos trinta anos sobre a historia da estatística escolar e dos procesos de escolarización, «o que amosa unha clara disposición para o intercambio e o traballo colectivo». Guereña relaciona o interese por este campo coa «rica experiencia administrativa da que poucos poden pregoar» e destaca a súa tese de doutoramento, «obra de referencia dentro da historia da educación española, sobre todo na educación secundaria», onde xa se atopan as primeiras referencias a estatísticas sobre a escolarización secundaria. Con este traballo, Antonio Viñao afonda nun novo campo de investigación que dará sucesivos froitos en traballos colectivos e individuais. Entre os primeiros, salienta a publicación colectiva *Estadística escolar, Proceso de escolarización y Sistema educativo nacional de España (1750-1850)* (Barcelona, EUB, 1996); entre estes últimos, Guereña refire esencialmente os seus traballos *Sistemas*

educativos, culturas escolares y reformas: continuidades y cambios (Madrid, Morata, 2002) ou *Escuela para todos. Educación y modernidad en la España del siglo XX* (Madrid, Marcial Pons, 2004) entre outras varias contribucións referidas á asistencia escolar durante a segunda metade do XIX e primeiro terzo do XX. Jean-Louis Guereña remata afirmando que Antonio Viao «abriu o camiño» á investigación sobre a historia das estatísticas escolares amosando o que se agocha detrás das cifras aparentemente obxectivas e neutras, e que quedan aínda varias direccións de traballo abertas ao redor deste campo.

«Pensamiento pedagógico» (pp. 333-353), por Bernat Sureda García, comeza describindo o contexto inicial de Antonio Viñao como investigador, afectado polo debate político centrado na preocupación por explorar novos modelos educativos en democracia e por coñecer exemplos alternativos aos que vivía aquel alumnado tardofranquista, nun ambiente universitario dominado por unha historiografía educativa secuenciada temporalmente nas ideas fundamentais dos considerados grandes autores, onde emerxían campos de estudo alternativos, orientados por profesores novos como Agustín Escolano ou Julio Ruíz Berrio. Sinala o profesor Sureda que para comprender a achega historiográfica de Antonio Viñao debemos remontarnos a ese ambiente da divulgación de novas ideas na historiografía educativa, resultado do contacto e relación entre novos investigadores a finais dos anos setenta, onde este ten un considerable protagonismo. Bernat Sureda sitúa a Antonio Viñao nos principais escenarios onde abrolla unha nova forma de pensar e estudar a educación: a Societat d'Historia de l'Educació dels Països de

llengua catalana (1983); a revista Cuadernos de Pedagogía (1975); a International Standing Conference for the History of Education, ISCHE (1978) ou a Sociedad Española de Historia de la Educación. Será nese contexto onde Viñao adopte unha nova mirada centrada na educación como un fenómeno social conectado a outros fenómenos sociais que transcenden a dimensión estritamente escolar, probablemente influído pola súa formación en Dereito e a actividade profesional na Administración pública. Deste modo, o obxectivo dunha parte da súa investigación céntrase na análise do desenvolvemento do sistema educativo español en relación coas dinámicas sociais, políticas e culturais que se deron historicamente, configurando unha liña de continuidade que percorre desde a Ilustración ata as influencias da ILE. Unha historiografía, en fin, máis interesada pola interacción das ideas, dos homes e do material na construción de propostas e institucións, que pola hermenéutica das obras dos grandes pedagogos.

«El profesorado. Autobiografías, memorias y diarios» (pp. 355-383) é o título do texto de Aida Terrón Bañuelos, quen dedica unha parte do ensaio a reconstruír o estado institucional do profesorado como obxecto de investigación histórico-educativa ao longo das tres últimas décadas: conceptos de cultura ou culturas escolares empíricas e académicas, elementos de profesionalización docente, estatuto socioeconómico, vida societaria e sindical, regulación administrativa da profesión, procesos de exilio e depuración política, análises de xénero ou a revolucionaria historia do currículo coas súas derivadas nas disciplinas e nos manuais escolares. E sitúa nese marco a inxente obra de Antonio

Viñao, baixo unha premisa inicial reiterada ao longo dos seus traballos: «a obriga que contrae quen emite un xuízo 'técnico' sobre un asunto 'experto' de explicitar a condición ou o lugar desde o que se fala». E cita tres traballos sobre política educativa («Las bases del Estatuto del profesorado. Una lectura política», 1986; «La Educación General Básica, entre la realidad y el mito», 1990 y «El grado de pedagogía y la formación del profesorado ante el espacio Europeo de Educación Superior», 2006) nos que valora as ditas análises «técnicas» desde a súa condición de »experto» ligado ao dereito, á socioloxía, á historia económica, ás ideas políticas, mais tamén como xestor da administración educativa periférica do Estado e xestor universitario, ademais de historiador da educación.

A profesora Terrón fai unha valoración das achegas, do enfoque das súas análises, das influencias internacionais, identificando a súa pegada no campo profesional e nos historiadores da educación, que encadra en dous bloques. Por un lado, aqueles traballos quizais menos coñecidos, algúns iniciais e outros de factura estranxeira, presentados en revistas e publicacións colectivas que constitúen «un paso imprescindible para explicar a orixe dos corpos estatais de profesores e a xénese do sistema educativo español» nos que, a xuízo da autora, resulta sorprendente a súa actualidade historiográfica, engadindo que «algunhas das máis substantivas achegas de Viñao se realizarán, precisamente, neste campo, a partir destas aproximacións iniciais».

O segundo eixe está conformado por varios traballos producidos entre os anos 1999 e 2013 sobre a pertinencia, relevancia, modalidades e usos dos ego-documen-

tos como fonte histórico-educativa, especialmente os elaborados por profesores e alumnos; entre eles, de maneira particular, as autobiografías, os diarios e as memorias de mestras e mestres que acaba perfilándose a partir do ano 2000 como a elaboración, a medio ou longo prazo, dun catálogo ou selección de autobiografías clasificada e catalogada por tipos e xéneros.

Nun plano máis persoal, pero que impregna a súa dimensión investigadora e docente, Aida Terrón refire a paixón do profesor Viñao polo libro de vello «disciplinadamente sometida a orde e sistema, formalizada nunha rede de contactos e relación con librarías de vello de toda España desde os anos setenta», da que un dos seus directos beneficiarios foi o fondo antigo da Biblioteca da Facultade de Educación de Murcia.

«Memoria escolar y patrimonio educativo» (pp. 385-423) é a última achega, en que o profesor Pedro Luís Moreno, compañeiro de Antonio Viñao na Facultade de Murcia, refire a produción científica desta liña de investigación, a que ten que ver coa memoria escolar e o patrimonio educativo, obxecto de atención máis intensa nos últimos anos, así como coas múltiples repercusións e actuacións que o seu desenvolvemento propiciou para o seu estudo, salvagarda e difusión. Temas que, como sinala Pedro Luís Moreno, constitúen «os dous eixes vertebrais da investigación e as iniciativas singulares máis sobresaíntes do profesor Viñao en e desde a Facultade de Educación da Universidade de Murcia».

Destaca que, pese a ser a memoria obxecto de estudo en campos tan variados como a filosofía, a antropoloxía, a socioloxía a psicoloxía ou a historia ao

longo das últimas décadas, a súa consideración como obxecto de investigación non se produce ata tempos recentes, cando dá lugar a un amplo elenco de «xéneros de memorias» (familiar, popular, obreira, burguesa, comunista, xudía, árabe, local, da poboación de cor, nacional, de xénero, infantil) e constitúen un xiro memorialístico en que son pioneiros Agustín Escolano, Juan Manuel Fernández-Soria e Antonio Viñao. En especial, no caso de Viñao, na definición e delimitación do propio concepto de memoria, aos que atribúe dúas dimensións: como reflexión sobre a propia experiencia ou como conmemoración dun pasado escolar que propicia a construción intencionada de imaxinarios colectivos. Dúas modalidades amplamente cultivadas polo profesor Viñao sobre as que foi trazando outras liñas de reflexión onde conflúen memoria, patrimonio educativo e historia, en sintonía coas correntes e orientacións historiográficas emerxentes no ámbito europeo, propiciadas pola etnografía, a micro-historia ou o museísmo. É nese contexto, e ao abeiro do seu grupo de investigación, onde nacen dúas plataformas fundamentais desde as que se articulou e canalizou un conxunto de accións posteriores que revelan a súa capacidade intelectual e a súa xenerosidade persoal para congregar e coordinar un grupo de historiadores e historiadoras da educación con magníficos resultados: O Museo Virtual de Historia de

la Educación (MUVHE) e o Centro de Estudios sobre la Memoria Educativa (CEME).

Remata este compendio cun último capítulo, «Publicaciones de y sobre Antonio Viñao» (pp. 429-455), onde se recolle un catálogo denso e variado de traballos, entre libros individuais e colectivos, artigos de revista, entrevistas e demais publicacións sobre a obra de Antonio Viñao, dun grande interese para os historiadores e historiadoras da educación. Unha produción inxente que abrangue, dunha banda, una trintena de libros da súa autoría e outras obras das que foi editor ou director; da outra, números monográficos de revistas científicas que coordinou. Son textos publicados entre 1978 e 2017 por prestigiosas editoriais e, no seu caso, revistas españolas, mais tamén brasileiras, norteamericanas, mexicanas ou portuguesas. A súa obra tamén inclúe un total de trescentos artigos e capítulos de libros difundidos ao longo de máis de corenta e cinco anos, desde 1972 ata 2018.

Pechamos esta recensión de novo con palabras de Pedro Luís Moreno, referidas á traxectoria vital e profesional do profesor Antonio Viñao: «un exercicio docente e investigador desempeñado desde o compromiso e a convicción profunda do valor que a historia da educación ten para coñecer e interpretar o pasado co propósito de comprender o presente e proxectar o futuro».

Xosé M. MALHEIRO GUTIÉRREZ
Universidade da Coruña